

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

11708 *Real decreto 542/2016, do 25 de novembro, sobre normas de sanidade e protección animal durante o transporte.*

O Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas, e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, constitúe a norma básica que regula na Unión Europea os requisitos de benestar animal que se deben cumprir cando se transportan animais vertebrados vivos en relación cunha actividade económica.

Así mesmo, hai que considerar que o Reino de España asinou e ratificou o Convenio para a protección dos animais no transporte internacional, realizado en París o 13 de decembro de 1968, e que entraría en vigor o 3 de febreiro de 1975.

O Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción, supuxo un primeiro paso no proceso de aplicación e desenvolvemento no noso ordenamento do regulamento mencionado.

Con posterioridade a ambas as dúas normas publicáronse outras que, xunto coa experiencia adquirida na aplicación das anteriores, fan necesaria unha revisión do establecido no Real decreto 751/2006, do 16 de xuño.

Así, a promulgación da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, supuxo un cambio xurídico substancial que, entre outras cousas, estableceu un réxime sancionador propio na materia. Ademais, o artigo 8 da dita lei dispón que os transportistas de animais, os seus vehículos, contedores ou medios de transporte deben dispor da correspondente autorización e estaren rexistrados, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Esta obriga coexiste coa establecida na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, que establece, no seu artigo 47, que os medios de transporte de animais (salvo de animais domésticos) e as empresas propietarias deben estar autorizados como requisito previo para o exercicio da súa actividade.

En materia de sanidade animal, a Directiva 2006/88/CE do Consello, do 24 de outubro de 2006, relativa aos requisitos zoonosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura e á prevención e ao control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos, foi trasposta por medio do Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zoonosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e o control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos. No momento da publicación do dito real decreto, considerouse máis práctico modificar o Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, co fin de incluír todo o relativo ao transporte destes animais no dito real decreto.

Procede, polo tanto, o desenvolvemento regulamentario das citadas previsións normativas de forma conxunta, co fin de facilitar a súa execución e control. De conformidade co previsto na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, as autorizacións concedidas pola autoridade de orixe, é dicir, pola autoridade competente do territorio en que está establecido legalmente o transportista e no que accede á actividade económica do transporte de animais, e ao seu exercicio, terán validez e eficacia en todo o territorio nacional.

Así mesmo, en 2007 publicouse o Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais, no cal se establece a obriga dun documento de traslado para cada movemento, o que fai redundante a regulación que do rexistro de actividade facía o mencionado Real decreto 751/2006, do 16 de xuño. Procede, polo tanto,

modificar o establecido ao respecto e asegurar que se cumpre co establecido no Regulamento (CE) n.º 1/2005, do 22 de decembro, no relativo á información que debe acompañar os animais.

O citado Real decreto 751/2006 foi modificado tres veces e proceder a unha cuarta modificación podería resultar confuso para os operadores e cidadáns en xeral, polo que, en prol da claridade e a seguridade xurídica, convén derrogalo e aprobar un novo real decreto.

Por outra banda, é necesario designar os puntos de entrada polos cales se poderá autorizar a entrada dos vehículos de transporte por estrada de animais e pensos que proveñan cargados ou baleiros de países terceiros, debido á súa dotación de persoal inspector, así como á presenza dunhas adecuadas instalacións de limpeza e desinfección de vehículos, e queda prohibida a entrada por outros portos non designados. Desta maneira, coa presenza de instalacións de limpeza e desinfección nos portos, poderase diminuír o risco de transmisión a través de vehículos de transporte da febre aftosa ou outras enfermidades que puidesen aparecer ou reaparecer no norte de África e que, de chegar a España, terían un impacto económico moi importante no sector agroalimentario.

As disposicións incluídas neste real decreto son exclusivamente as relativas a benestar e sanidade animal, sen prexuízo doutras disposicións establecidas na lexislación vixente.

Este real decreto dítase en desenvolvemento da disposición derradeira sexta da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, e da disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Dado o carácter marcadamente técnico desta disposición, considérase axustada a súa adopción mediante real decreto. Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de novembro de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

1. Establecer disposicións de aplicación no Reino de España do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais vivos durante o transporte e as operacións conexas, e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97 no relativo:

- a) Á autorización e rexistro de transportistas.
- b) Á autorización e rexistro de medios de transporte e contedores.
- c) A documentos de transporte.
- d) Á formación do persoal.
- e) Ás obrigas de transportistas e outros operadores sobre a protección dos animais durante o transporte e operacións conexas.

2. Designar os puntos de entrada polos que se poderán introducir vehículos de transporte por estrada de animais vivos das especies equina, porcina, bovina, ovina e caprina, cargados ou baleiros, así como os vehículos de transporte por estrada de pensos, cargados ou baleiros, procedentes de determinados países terceiros.

3. Establecer disposicións de aplicación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no relativo ao transporte de animais.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación aos transportistas de animais vivos e aos demais operadores, sexan persoas físicas ou xurídicas, que interveñan directa ou indirectamente no transporte de animais en relación cunha actividade económica. Tamén se aplicará aos medios de transporte, contedores e, para o establecido no artigo 15, ás súas instalacións e establecementos.

2. Este real decreto non será de aplicación:

a) Aos transportistas, medios de transporte e contedores de animais domésticos, segundo se definen no artigo 3.4 da Lei 8/2003, do 24 de abril, sempre que o transporte non se efectúe en relación cunha actividade económica.

b) Aos transportistas, medios de transporte e contedores de animais invertebrados, agás as abellas do mel (*Apis mellifera*) e abellóns (*Bompuus spp.*), que se rexerán polo disposto no artigo 5.7 do presente real decreto, e os invertebrados que sexan animais da acuicultura.

c) Ao transporte de animais desde ou cara a consultas ou clínicas veterinarias, por consello dun veterinario.

d) Aos contedores distintos dos utilizados para équidos de produción, ou animais de produción das especies bovina, ovina, caprina, porcina e animais da acuicultura.

3. Só serán de aplicación as autorizacións previstas nos artigos 5 e 6, de conformidade co previsto no artigo 47 da Lei 8/2003, do 24 de abril, aos seguintes movementos:

a) Ao transporte de animais realizado por gandeiros que utilicen vehículos agrícolas ou medios de transporte que lles pertencen en casos en que as circunstancias xeográficas exixen un transporte para a transhumancia estacional de determinados tipos de animais.

b) Ao transporte que realicen os gandeiros dos seus propios animais, polos seus propios medios de transporte, a unha distancia da súa explotación inferior a 50 km.

c) Ao transporte de animais de compañía, segundo se definen no artigo 3.3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, cando o transporte non se efectúe en relación cunha actividade económica.

Artigo 3. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións establecidas na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio; no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Transportista: toda persoa física ou xurídica que transporte animais en relación cunha actividade económica, por conta propia ou por conta dun terceiro.

b) Medio de transporte: vehículos de estrada ou ferroviarios, embarcacións e avións utilizados para o transporte de animais.

c) Contedor: todo caixón, caixa, receptáculo ou outra estrutura ríxida utilizada para o transporte de animais, que non sexa un medio de transporte.

d) Organizador:

1.º Un transportista que subcontrate unha parte da viaxe a, polo menos, outro transportista ou ben,

2.º Unha persoa física ou xurídica que contrate para a realización dunha viaxe máis dun transportista ou ben,

3.º A persoa que asina a sección primeira do caderno de a bordo ou folla de ruta.

e) Caderno de a bordo ou folla de ruta: o documento a que se refire o artigo 5.4 e o anexo II do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e que

se debe achegar en todas as viaxes longas, tanto as que se efectúen entre Estados membros como as que teñan orixe ou destino en países terceiros e que transporten équidos -que non sexan équidos rexistrados- ou animais das especies bovina, ovina, caprina ou porcina.

CAPÍTULO II

Normas de sanidade e benestar animal no transporte

Artigo 4. *Obrigas dos transportistas.*

Todo transportista cuxa sede social radique en España deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar autorizado e rexistrado para tal efecto pola autoridade competente, de acordo co establecido no artigo 5.
- b) Utilizar medios de transporte e contedores que fosen autorizados e rexistrados de acordo co artigo 6.
- c) Asegurarse de que os animais transportados son aptos para o transporte, de acordo co establecido na normativa, sen prexuízo da responsabilidade do operador que entrega os animais para o seu transporte.
- d) Asegurarse de que os animais van acompañados dos documentos mencionados no artigo 9 e de que se manteña o rexistro de actividade de acordo co establecido no artigo 10.
- e) Garantir que os condutores ou coidadores de animais dispoñan da formación ou do certificado de competencia, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e no artigo 11 deste real decreto.

Artigo 5. *Autorización dos transportistas.*

1. Os transportistas serán autorizados pola autoridade competente do ámbito territorial en que acceda á actividade de transporte e ao seu exercicio, segundo o establecido nos artigos 10 e 11 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e de acordo co artigo 47 da Lei 8/2003, do 24 de abril. A autorización emitida pola autoridade competente terá validez en todo o territorio nacional.

No caso dos transportistas establecidos nun país non membro da Unión Europea e que desexen solicitar en España unha autorización, deberán estar establecidos no territorio nacional, salvo que designen un representante legal acreditado, establecido en España, que asuma as súas obrigas e responsabilidades.

2. Sen prexuízo dos requisitos adicionais que puidese establecer a autoridade competente, o solicitante deberá acreditar mediante a presentación dunha declaración responsable os seguintes requisitos:

- a) Non estar autorizado nin ter solicitado autorización a outras autoridades competentes en España, nin noutros Estados membros da Unión Europea,
- b) Non ter sido sancionado en firme nos tres últimos anos por ter infrinxido gravemente a lexislación nacional ou comunitaria de protección dos animais.

3. A autorización expedirase conforme os modelos establecidos no anexo III do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004. Completarase en todos os seus campos, incluíndo o número de identificación fiscal ou número de identificación de estranxeiro.

4. A autorización poderá ser:

- a) De tipo 1, válida unicamente para realizar viaxes cuxa duración non supere as 8 horas, cumprindo co establecido no artigo 10 e o capítulo I do anexo III do Regulamento 1/2005 do Consello, do 22 de decembro.

b) De tipo 2, válida para realizar todo tipo de viaxes, cumprindo co establecido no artigo 11 e no capítulo II do anexo III do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

5. Sen prexuízo da normativa que regula o uso das demais linguas oficiais, as autorizacións deberán expedirse, polo menos, en castelán e inglés.

6. A autoridade competente asignaralle ao transportista, de acordo co rexistro que se menciona no artigo 12, un código de autorización de transportista de animais cuxa estrutura será a seguinte:

- a) AT: siglas fixas que significan «autorización transportista de animais».
- b) ES: identifica a España.
- c) Once díxitos que identifican o transportista de forma única en todo o territorio nacional.

7. A autoridade competente poderá establecer un réxime simplificado de autorización cando se trate do traslado de ata 15 colmeas ou da transhumancia destas.

Artigo 6. *Autorización dos medios de transporte e contedores.*

1. Os medios de transporte, incluídas as cabezas tractoras se a viaxe é de máis de 8 horas de duración, e os contedores deberán estar autorizados pola autoridade competente do ámbito territorial en que acceda á actividade de transporte, para o cal o transportista presentará unha solicitude ante esta na forma en que a dita autoridade competente determine. A autorización emitida pola autoridade competente terá validez en todo o territorio nacional.

2. Os medios de transporte e os contedores identificaranse por medio do seu número de matrícula ou número de bastidor, de non existir matrícula. Se o bastidor non identifica de forma única o medio de transporte ou o contedor, identificaranse co código de autorización do transportista responsable, ao cal se engadirá ao final un código secuencial de tres díxitos.

3. A autorización dos medios de transporte e contedores poderá ser:

- a) Para viaxes de ata oito horas de duración.
- b) Para máis de oito horas de duración.
- c) Para viaxes de ata doce horas de duración nos supostos regulados no artigo 8.1 deste real decreto.

Poderase utilizar o modelo incluído no anexo III, capítulo IV, do Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004, para os medios de transporte autorizados para viaxes de menos de oito horas e ata doce horas, sempre que se especifique claramente no documento o alcance da autorización.

4. A autoridade competente poderá establecer un réxime simplificado de autorización cando se trate do traslado de ata 15 colmeas ou da transhumancia destas. En todo caso, o transportista deberá asegurar que as colmeas se transporten de forma segura para os animais e as persoas.

5. Os transportistas que soliciten a aprobación dun buque destinado ao transporte de gando deberán presentar unha solicitude por escrito, polo menos 15 días hábiles antes da data prevista para a inspección. Así mesmo, deben transcorrer polo menos catro días hábiles entre o día da inspección e o día proposto para as operacións de carga.

Artigo 7. *Validez das autorizacións.*

1. Sen prexuízo do previsto na normativa da Unión Europea, a duración das autorizacións establecidas nos artigos 5 e 6 será, como máximo, de cinco anos a partir da data de expedición. A súa validez está condicionada ao mantemento das condicións exixidas para o seu outorgamento.

2. A autoridade competente, no caso da comisión de dúas ou máis infraccións cualificadas polo menos como graves na normativa de benestar animal nun período de dous anos, poderá declarar a suspensión ou a retirada inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o efectivo exercicio da actividade como transportista de animais ou do uso do medio de transporte ou contedor para tal fin. Cando a competencia sancionadora corresponda á Administración xeral do Estado, imporase a suspensión por dous anos ou a retirada da autorización.

Artigo 8. Aplicación das excepcións previstas na normativa comunitaria.

1. En aplicación do previsto no artigo 18.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, os transportistas cuxa autorización sexa de tipo 2 e que realicen unha viaxe por estrada que non supere as 12 horas para chegar ao seu destino final, incluíndo a carga e a descarga, estarán exceptuados de:

a) Utilizar medios de transporte que non cumpran as disposicións establecidas nos números 3, 4, 5, 7 e 8 do punto 1, nin nos puntos 2, 3 e 4 do capítulo VI do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

b) Utilizar medios de transporte para porcinos que non dispoñan de subministración de auga de forma continua durante a viaxe. Non obstante, no caso de dispor desta, deberá usarse.

2. Os contedores marítimos que se utilicen unicamente en buques que os abastecen con auga dos seus propios tanques están eximidos do cumprimento do punto 2.3 do citado capítulo, conforme o previsto no punto 2.4 do capítulo VI do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004.

Artigo 9. Documentos do transporte de animais.

1. Os seguintes documentos deberán acompañar os animais transportados e estar á disposición das autoridades competentes e das corpos e forzas de seguridade:

a) A copia auténtica ou compulsada da autorización do transportista a que se refire o artigo 5 do presente real decreto, ou ben o orixinal desta.

b) O orixinal da autorización do medio de transporte, ou ben a súa copia auténtica ou compulsada.

c) Unha documentación que acredite, con respecto aos animais, a súa orixe e propietario ou titular; o lugar, data e hora de saída; o lugar de destino e a hora de chegada previstos.

d) A documentación sanitaria de traslado dos animais.

e) O documento de movemento, segundo o establecido no artigo 6 e anexo VII do Real decreto 728/2007, do 7 de xuño, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais ou a tarxeta de movemento equina, de acordo co Real decreto 577/2014, do 4 de xullo, polo que se regula a tarxeta de movemento equina.

f) O certificado ou talón de desinfección do contedor ou medio de transporte. Este requisito non será obrigatorio no caso de medios de transporte de abellas do mel e abellóns, en cumprimento do artigo 49.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

g) A documentación sobre identificación dos animais, establecida na lexislación sectorial.

2. A información incluída nos puntos 1.c), 1.d) e 1.e) poderase acreditar mediante un único documento.

3. Así mesmo, levarase cando sexa exixible:

a) O orixinal, a copia auténtica ou compulsada do certificado de competencia do coidador, conforme o artigo 11 deste real decreto.

b) O caderno de a bordo ou folia de ruta, debidamente cuberto nos casos previstos no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

c) No transporte de animais da acuicultura:

1.º Un rexistro da mortalidade, na medida do posible, segundo o medio de transporte e as especies transportadas.

2.º As explotacións, as zonas de cría de moluscos e os establecementos de transformación onde estivese o vehículo.

3.º Todos os cambios de auga, en particular, a orixe da auga nova e o lugar de evacuación da auga.

Artigo 10. *Rexistro de actividade.*

O rexistro de actividade, establecido no artigo 48 da Lei 8/2003, do 23 de abril, consistirá no arquivamento, para cada medio de transporte ou contedor, da documentación e información relativa a cada movemento, de acordo co artigo 9, en soporte papel ou informático, ordenada cronoloxicamente.

Este arquivo deberá manterse na sede social do transportista e á disposición da autoridade competente, durante un período mínimo de tres anos.

Para as especies non incluídas no Rexistro Xeral de Movementos de Gando establecido no Real decreto 728/2007, do 7 de xuño, o transportista será responsable do cumprimento do establecido no artigo 9.1 c) deste real decreto. A autoridade competente poderá establecer o formato para o rexistro da información que nestes casos debe acompañar os animais.

Artigo 11. *Formación en materia de protección dos animais durante o transporte.*

1. As persoas que manexan animais vertebrados vivos durante o transporte e operacións conexas en relación cunha actividade económica, incluíndo o persoal dos centros de concentración autorizados de acordo coa normativa veterinaria da Unión Europea, deberán ter recibido unha formación que inclúa as disposicións dos anexos I e II do regulamento, conforme o artigo 6.4 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004. A dita formación acreditarase documentalmentemente de acordo co que determine a autoridade competente.

2. Os condutores ou cuidadores nun vehículo de estrada destinado ao transporte de équidos, bovinos, ovinos, caprinos, porcinos ou de aves de curral disporán dun certificado de competencia expedido pola autoridade competente, de acordo co modelo establecido no anexo III, capítulo III do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, no cal se incluírá o número de identificación fiscal, pasaporte ou número de identificación de estranxeiro da persoa a que se concede.

3. Os cursos de formación co obxecto da expedición do certificado de competencia deberán cumprir os requisitos mínimos establecidos no anexo I do presente real decreto. A impartición dos cursos ou a realización do exame final poderá levala a cabo a autoridade competente, ou serán recoñecidos, homologados ou autorizados por esta a outras entidades públicas ou privadas. A autoridade competente garantirá a independencia e a ausencia de conflito de intereses dos examinadores. As homologacións, recoñecementos ou autorizacións a entidades privadas realizadas pola autoridade competente producirán efectos en todo o territorio nacional.

4. As autoridades competentes poderán recoñecer, como equivalentes para a obtención do certificado de competencia, as cualificacións obtidas con outros fins, sempre que polo seu contido se reúnan os requisitos mínimos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

5. O recoñecemento da competencia por parte dunha autoridade competente producirá efecto en todo o territorio nacional.

Artigo 12. *Rexistro de transportistas, medios de transporte e contedores.*

As autoridades competentes inscribirán nun rexistro os transportistas de animais vivos autorizados, segundo o establecido no artigo 5, así como os seus contedores e medios de transporte, de acordo co artigo 6.

Artigo 13. *Base de datos nacional de transportistas, medios de transporte e contedores.*

1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente manterá, para os efectos de coordinación, unha base de datos informatizada que inclúa a información, facilitada polas autoridades competentes, que establece o anexo II.

2. A dita base de datos será xestionada pola Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

3. Terán acceso a esta as autoridades competentes, o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, os órganos ou organismos do Ministerio de Fomento competentes en materia de mariña mercante e aviación civil, e os corpos e forzas de seguridade.

4. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente establecerá, en colaboración coas autoridades competentes, os protocolos técnicos necesarios que permitan que se manteña a base de datos actualizada.

5. As persoas físicas rexistradas poderán exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación ante as autoridades competentes, respecto ás anotacións do rexistro correspondente nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 14. *Outras obrigas.*

1. Sen prexuízo do resto de obrigas previstas na vixente normativa, os organizadores, definidos no artigo 3.2 d) do presente real decreto, serán responsables do seguinte:

a) Cumprir as obrigas establecidas nos números 3 e 4 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

b) Cumprir as obrigas relacionadas co caderno de a bordo, cando este sexa obrigatorio. En particular, da correcta planificación da viaxe, do cumprimento das disposicións dos números 1 e 3 do anexo II do Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004, e, subsidiariamente, da devolución polo transportista, en prazo, dunha copia á autoridade competente do lugar de saída.

c) Utilizar un único caderno de a bordo. No caso de viaxes en que se carguen ou descarguen animais en distintos lugares, utilizaranse tantas seccións 2, 3 e 5 como sexan necesarias.

2. Sen prexuízo do resto de obrigas previstas na vixente normativa, os transportistas terán as seguintes obrigas:

a) Serán responsables, no caso dos transportes en que sexa obrigatorio o caderno de a bordo, da devolución dunha copia deste documento no prazo dun mes a partir da finalización da viaxe á autoridade competente do lugar de saída, así como da sinatura e da correcta e veraz formalización da súa sección 4.

b) En buques de carga rodada, responderán subsidiariamente de que o capitán do buque cumpra as súas obrigas de acordo co Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

c) Nos plans de continxencia deberán incluír o necesario para garantir o benestar dos animais ante calquera imprevisto do seu curso. En particular, cando se inmovilice un vehículo disporán o necesario para non o deixar abandonado no lugar da inmovilización cos animais no seu interior. No caso de non o facer, a autoridade competente tomará as medidas necesarias e repercutirá os custos destas de forma adecuada.

3. Sen prexuízo do resto de obrigas previstas na vixente normativa, no caso de transporte por vía marítima, o capitán:

- a) Asegurarase de que se leven a bordo os documentos indicados no artigo 9.
- b) Disporá dun plan de limpeza e desinfección das instalacións dedicadas aos animais. Antes do embarque dos animais garantirase que as ditas instalacións foron previamente limpadas e desinfectadas segundo o citado plan.
- c) No caso de buques de carga rodada, cumprirá co establecido no punto 3, capítulo II do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

Artigo 15. *Condicións dos operadores que prestan servizo en portos e aeroportos.*

1. Os operadores de portos e aeroportos, incluídas as empresas de servizos de asistencia en terra en aeroportos, autorizados para o manexo de animais, e baixo a supervisión e control dos servizos veterinarios oficiais competentes, deberán contar con:

- a) Persoal coa formación establecida no artigo 11.
- b) Locais e instalacións que permitan o cumprimento dos requisitos vixentes de benestar animal en función do tipo de animais que manexen ou alberguen.
- c) Un plan de continxencia para facer fronte a situacións de emerxencia que puidesen acontecer. O dito plan incluírá, como mínimo, as medidas que se deberán tomar no caso de detectar animais non aptos, mortos ou cando de xeito accidental puidesen escaparse animais durante as manobras de carga e descarga.
- d) Un plan de limpeza e desinfección dos locais e instalacións que se empreguen para o embarque ou desembarque dos animais.

2. No caso do transporte aéreo, os animais deberán ser transportados en contedores, recintos ou compartimentos adaptados á súa especie que cumpran as normas da Asociación de Transporte Aéreo Internacional (IATA) relativas aos animais vivos e, en todo caso, unicamente poderán ser transportados en condicións que permitan manter durante toda a viaxe a calidade do aire, a temperatura e a presión nos niveis apropiados para cada especie.

CAPÍTULO III

Puntos de entrada e de saída

Artigo 16. *Puntos de saída da Unión Europea.*

1. Os équidos, bovinos, ovinos, caprinos e porcinos, para seren exportados a países non membros da Unión Europea, deberán saír por portos ou aeroportos autorizados como puntos de saída pola Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, salvo os portos autorizados como posto de inspección fronteirizo en que se exporten animais en buques de carga rodada. Tales puntos de saída deberán ter a consideración de recinto alfandegueiro ou ter sido habilitados previamente pola autoridade alfandegueira para a saída de mercadorías con destino a países terceiros. Para tal efecto, cumprirán cos requisitos necesarios en materia de benestar animal, que se poderán consultar no sitio web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, no enlace de comercio exterior gandeiro.

2. As autoridades portuarias, a través de Portos do Estado, así como os titulares dos aeroportos interesados, deberán presentar a correspondente solicitude ante a Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que será o órgano competente para resolver. A Subdirección Xeral de Acordos Sanitarios e Control en Fronteira será a encargada de instruír o procedemento. A solicitude presentárase, por medios electrónicos, a través de calquera dos medios e rexistros previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas, e irá acompañada da documentación co proxecto que acredite o cumprimento dos requisitos exixidos, que comprende o referente ás instalacións, ao plan de continxencia e ao de limpeza e desinfección presentado polos operadores.

As solicitudes poderanse presentar, así mesmo, de forma electrónica a través da sede electrónica da páxina web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (www.mapama.gob.es).

Na tramitación dos procedementos derivados destas solicitudes emitirán os seus informes o Ministerio de Fomento e o Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais. Os ditos informes, no caso de seren desfavorables á estimación da solicitude, serán vinculantes.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución correspondente será de seis meses, contados desde a entrada da solicitude no Rexistro do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Transcorrido o dito prazo sen notificarse a resolución final aos interesados, estes poderán entender estimada a súa solicitude.

Contra a resolución que dite o director xeral de Sanidade da Producción Agraria, que non esgotará a vía administrativa, caberá recurso de alzada ante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación, nos termos e prazos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Nos ditos puntos de saída tomaranse as precaucións necesarias para garantir que se manteñen as condicións de benestar animal e adoptaranse medidas para dar prioridade ao transporte dos animais e evitar ou reducir ao máximo calquera atraso ou sufrimento dos animais. As operacións poderán ser supervisadas por un veterinario oficial do dito posto de saída.

4. Nos casos de exportación de animais a países terceiros, considerarase que o exportador dos animais é o organizador da viaxe.

Artigo 17. *Puntos de entrada designados de vehículos de transporte por estrada.*

1. Os vehículos de transporte por estrada de animais vivos das especies equina, porcina, bovina, ovina e caprina, cargados ou baleiros, así como os vehículos de transporte por estrada de pensos, cargados ou baleiros, procedentes de países terceiros só poderán entrar no territorio de España a través dun punto de entrada designado pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria que teña a condición de recinto alfandegueiro ou lugar habilitado polas autoridades alfandegueiras para a entrada de mercadorías procedentes de países terceiros. A lista de puntos de entrada autorizados farase pública a través do sitio web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, na epígrafe de comercio exterior gandeiro.

2. Unicamente se designarán aqueles portos que dispoñan dunhas instalacións de limpeza e desinfección que cumpran cos artigos 3.3, 3.4, 4 e 5 do Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro.

Artigo 18. *Prohibición de entrada de vehículos.*

Queda prohibida a entrada de vehículos de transporte por estrada de animais vivos das especies equina, porcina, bovina, ovina e caprina, cargados ou baleiros, así como os vehículos de transporte por estrada de pensos, cargados ou baleiros, procedentes de países terceiros, por calquera porto que non fose designado punto de entrada.

CAPÍTULO IV

Controis e réxime sancionador

Artigo 19. *Inspeccións e controis.*

1. Os controis sobre o cumprimento do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, e do disposto neste real decreto, enmarcaranse dentro do

Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria, conforme o artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre sanidade animal e benestar dos animais.

2. As autoridades competentes remitirán anualmente ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, no formato establecido na normativa da Unión Europea, a información pertinente sobre os resultados das súas inspeccións e controis, co fin de que a dita información poida ser remitida á Comisión Europea.

3. A autoridade competente porá todas as medidas necesarias para que as inspeccións dos vehículos se realicen no menor tempo posible.

Artigo 20. *Coordinación e deber de información.*

1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente é o punto de contacto para os efectos dos artigos 24.2, 26.7 e 27.2 e do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

2. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla establecerán un punto de contacto para os efectos do cumprimento a das disposicións establecidas neste real decreto e no Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, que comunicarán ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

3. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente coordinará coas autoridades competentes as actuacións precisas para a aplicación deste real decreto.

Artigo 21. *Controis da Comisión Europea.*

1. As autoridades competentes prestarán aos expertos da Comisión Europea toda a axuda e asistencia que estes necesiten para realizar os controis previstos no artigo 28 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello do 22 de decembro de 2004. Nestes controis, os representantes do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente poderán acompañar os expertos da Comisión Europea e os representantes das autoridades competentes das comunidades autónomas.

2. Os órganos competentes e o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente establecerán os correspondentes mecanismos de coordinación e colaboración das actuacións relativas á realización e resultados destes controis.

3. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados dos controis e das inspeccións.

Artigo 22. *Réxime sancionador.*

1. No caso de incumprimento do disposto no presente real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 32/2007, do 7 de novembro, ou na Lei 8/2003, do 24 de abril, sen prexuízo da demais normativa estatal ou autonómica aplicable, e da posible responsabilidade civil, penal ou doutro tipo que poidan concorrer.

2. No caso das infraccións cometidas no transcurso do transporte, a competencia sancionadora corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio teñan lugar os feitos obxecto de control e constitutivos de infracción administrativa, sen prexuízo da competencia da autoridade competente que autorizou o transportista no concernente á suspensión e retirada da autorización, e as autoridades competentes deberanse prestar a necesaria colaboración e intercambio de documentación e información. A autoridade competente que incoe expediente sancionador a un transportista ou organizador de competencia doutra comunidade autónoma realizará unha comunicación oficial a esta última, cando a sanción sexa firme en vía administrativa.

3. No caso de infraccións cometidas en relación co transporte de animais non aptos, a responsabilidade poderá ser solidaria do transportista co titular da explotación onde se cargaron os animais.

Disposición adicional única. *Contención do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Datos e autorizacións existentes.*

1. Integraranse nos rexistros das autoridades competentes os datos que, de ser o caso, procedan de entre os xa rexistrados na base de datos establecida mediante o Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.

2. As disposicións deste real decreto non afectarán a validez das autorizacións emitidas no ámbito do Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sen prexuízo da súa suspensión ou retirada polos motivos e procedementos establecidos.

Disposición transitoria segunda. *Puntos de saída.*

Os portos ou aeroportos autorizados pola Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente como puntos de saída no momento da entrada en vigor deste real decreto, manterán a súa autorización.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución española, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases e coordinación xeral da sanidade.

Exceptúase o capítulo III e o réxime sancionador correspondente, así como a disposición transitoria segunda, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 16.^a, primeiro inciso, da Constitución española, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio e sanidade exteriores.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.*

O punto 3.b) do anexo VII do Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais, substitúese polo seguinte:

«b) Data de saída e hora de saída prevista, e data e hora previstas de chegada.»

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos deste real decreto para a súa adaptación á normativa da Unión Europea ou internacional.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo os artigos 17 e 18, que entrarán en vigor ao ano da súa publicación.

Dado en Madrid o 25 de novembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Requisitos mínimos dos cursos de formación, de acordo co artigo 11

A) Contido mínimo dos cursos de formación para obter ou renovar o certificado de competencia como condutor ou coidador.

1. Normativa da Unión Europea en materia de protección dos animais durante o transporte, en particular os artigos 3 e 4 e os anexos I e II do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

2. Normativa de ámbito nacional e de ámbito autonómico sobre protección dos animais durante o transporte. Documentación administrativa.

3. Fisioloxía dos animais, necesidades de comida e auga, comportamento animal e concepto de estrés.

4. Aspectos prácticos do coidado e manexo de animais.

5. Efectos e repercusións de modo e práctica de condución sobre o benestar dos animais.

6. Aptitude para o transporte dos animais.

7. Coidados de emerxencia aos animais.

8. Criterios de seguridade para o persoal que traballa con animais.

9. Aspectos de seguridade viaria relacionados co transporte de animais e actuación en caso de accidente.

10. Limpeza e desinfección dos medios de transporte e contedores.

B) Duración mínima de vinte horas.

ANEXO II

Datos básicos para incluír na base de datos nacional de transportistas, medios de transporte e contedores segundo o establecido no artigo 13.1

A) Transportista de animais.

1. Código de autorización de transportista de animais vivos.

2. NIF ou NIE.

3. Nome e apelidos ou razón social.

4. Nome e apelidos, NIF ou NIE do representante se o transportista é unha persoa xurídica.

5. Enderezo da súa sede social (enderezo, código postal, municipio, provincia, comunidade autónoma ou cidades de Ceuta ou Melilla).

6. Teléfono.

7. Tipo de autorización: transportista de tipo 1 ou de tipo 2.

8. Data final de validez da autorización.

9. Categoría de medio de transporte.

10. Se procede, tipo de suspensión (total ou parcial).

11. Se procede, data de fin da suspensión.

B) Medios de transporte.

1. Matrícula ou, na súa falta, número de bastidor ou código que identifique individualmente o medio de transporte, ou número IMO en transporte marítimo.

2. Clase de medio de transporte.

3. Superficie útil total de carga, salvo nas cabezas tractoras e nos vehículos de menos de 50 km.

4. Número de pisos ou n.º de cubertas, salvo nas cabezas tractoras e nos vehículos de menos de 50 km.

5. Tipo de autorización: de ata 8 horas, máis de 8 horas ou ata 12 horas de duración.

6. Data final de validez da autorización.

7. Especies para as cales se autoriza.
8. Se procede, tipo de suspensión (total ou parcial).
9. Se procede, data de fin da suspensión.

No caso de medios de transporte por vía marítima, incluíranse ademais os datos seguintes:

10. Nome do barco.
11. Código da autorización ou número do certificado de aprobación.
12. Bandeira.

C) Contedores.

1. Matrícula. Na súa falta, número de bastidor ou código que identifique individualmente o contedor.
2. Categoría: aéreo, marítimo e fluvial, por estrada, por ferrocarril.
3. Superficie útil total de carga.
4. Tipo de autorización: de ata 8 horas, máis de 8 horas ou ata 12 horas de duración.
5. Especies para as cales se autoriza.
6. Data final de validez da autorización.
7. Se procede, tipo de suspensión (total ou parcial).
8. Se procede, data de fin da suspensión.